

Orde de 9 de marzo para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para os agricultores mozos, e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións

OBXECTO

a) Medida 4. Investimentos en activos físicos: Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas (plans de mellora nas explotacións agrarias, procedemento MR405A). Subvencionable si se realizan posteriormente

b) Medida 6. Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais: Creación de empresas para os agricultores mozos (idade entre 18-40 anos) (procedemento MR404A). Subvencionable si se realizan con posterioridade a solicitude.

- acceso mediante titularidade exclusiva dunha explotación preexistente ou de nova creación.
- acceso mediante cotitularidade dunha explotación agraria prioritaria
- integración como socio/a nunha entidade asociativa, preexistente ou de nova constitución, que sexa titular dunha explotación agraria prioritaria ou que adquira esta condición coa incorporación do mozo, no caso de ser de nova creación.
- acceso mediante titularidade compartida da explotación.
- acceso cando sendo titular dunha explotación agraria cuio marxe neto non supere o 20 % da renda de referencia, pase a ser titular dunha explotación prioritaria.
- acceso cando sendo titular dunha explotación agraria cuns niveis de dedicación de tempo de traballo e de renda unitaria de traballo inferior aos mínimos establecidos para os titulares de explotacións prioritarias, alcance esta consideración en calidade de agricultor a título principal.
- acceso cando sendo titular dunha explotación agraria, esta condición de titular fose motivada por algunha das causas de forza maior recollidas no punto 2 do artigo 2 do Regulamento (UE) nº 1306/2013

c) Creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións (procedemento MR405B).

FINALIDADE

- Incrementar a competitividade e o rendemento global das explotacións mediante a súa modernización.
- Asegurar a competitividade e a continuidade do tecido agrario.

BENEFICIARIOS

Dependen do tipo de axuda que se solicite

Pero todos eles deberán: a) ser agricultor activo no momento da solicitude(salvo agricultores mozos que se lle da un prazo de 18 meses); b) dispoñer dunha contabilidade específica Feader ou dun código contable específico.

PRAZO SOLICITUDE

Será de 1 mes, desde o día seguinte ao da súa publicación.

FORMA E LUGAR PRESENTACIÓN

Preferiblemente por vía electrónica. No caso das Personar xurídicas é obrigatorio facelo deste modo.

TRAMITACION E RESOLUCION

Tramitación: Por cada Xefatura Territorial (dependendo onde este o investimento).

Resolución: a Consellería no prazo máximo de 9 meses dende que finaliza prazo presentación solicitudes.

NOTIFICACIÓN

Preferiblemente por vía electrónica, NOTIFICA, ou teléfono móbil.

CAMBIO NO INVESTIMENTO

Unha vez concedida a subvención deberá informarse á Consellería e esperar a autorización e se en 2 meses non se comunica entederase denegada.

PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN

- Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas (plans de mellora nas explotacións agrarias, procedemento MR405A): 18 meses para executar e xustificar.
- Creación de empresas para os agricultores mozos(idade entre 18-40 anos): 24 meses para executar e xustificar.
- Creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións: 18 meses para xustificar e executar.

PUBLICIDADE DAS AXUDAS

Nos instrumentos de información e difusión que utilice a Consellaría do Medio Rural

farase constar que estas axudas están cofinanciadas nun:

- Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas: 7,50 % pola Administración xeral do Estado, nun 17,50 % pola Xunta de Galicia e nun 75 % polo fondo Feader.
- Creación de empresas para os agricultores mozos: 2,50 % pola Administración xeral do Estado, nun 22,50 % pola Xunta de Galicia e nun 75 % polo fondo Feader.
- Creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións: 7,50 % pola Administración xeral do Estado, nun 17,50 % pola Xunta de Galicia e nun 75 % polo fondo Feader.

PAGAMENTO

- Nos 9 meses seguintes á concesión de axuda un 60 % do importe da axuda total, cando acredite o inicio das actuacións incluídas no plan empresarial.
- O importe restante, o 40 %, solicitarase unha vez finalizado o plan empresarial.